



## Erasmus+

Enriqueciendo vidas, abriendo mentes.

### Proxecto propio do CIFP Imaxe e son **2023-1-ES01-KA131-HED-000138258**

No desenvolvemento do presente proxecto de mobilidade participan: Erasmus +, SEPIE, e CIFP Imaxe e son. A Comisión Europea é a responsable do desenvolvemento do programa Erasmus+, SEPIE é a axencia nacional que promove e executa o programa a escala nacional.

#### 1. Obxecto da convocatoria.

O propósito desta convocatoria é a concesión de 2 axudas de mobilidade de aprendizaxe por observación nun centro de formación superior para o persoal docente do CIFP Imaxe e son da Coruña.

Mobilidades ofertadas:

PAÍS	Prazas	Centro de destino	Duración	Datas
Portugal	2	► Centros de formación propostos pola persoa solicitante.	7 días	Maio-Xuño Pendente de concretar

A mobilidade é de sete días, un día para a viaxe de ida, cinco días de traballo, e outro día para a viaxe de volta.

## Financiamento

### 1\_Apoio individual:

O cálculo de apoio individual é o que corresponde ao indicado no enlace [Financiamento mobilidade KA-131 / 2023](#). Segundo a web de SEPIE:

MOVILIDADES FÍSICAS (HASTA 60 DÍAS)		Hasta el día 14	Del día 15 al 60
Movilidades <b>hacia</b> países no asociados al Programa de las regiones 1 a 12		180 €/día	126 €/día
Movilidades <b>desde</b> países no asociados al Programa de las regiones 1 a 12		160 €/día	112 €/día

### 2\_Desprazamento.

Os gastos de desprazamento están calculados segundo a aplicación Erasmus +: [Distance calculator](#). Segundo a web de SEPIE:

Distancias <sup>3</sup>	En caso de viaje estándar	En caso de viaje ecológico
Entre 10 y 99 km:	23 € por participante	-
Entre 100 y 499 km:	180 € por participante	210 € por participante
Entre 500 y 1.999 km:	275 € por participante	320 € por participante
Entre 2 000 y 2.999 km:	360 € por participante	410 € por participante
Entre 3 000 y 3.999 km:	530 € por participante	610 € por participante
Entre 4 000 y 7.999 km:	820 € por participante	-
8.000 km o más:	1.500 € por participante	-

O persoal que opte polo desprazamento ecolóxico recibirá até catro días de apoio individual adicional para cubrir os días de viaxe nun traxecto de ida e volta, si procede.

O 80% dos gastos da mobilidade será ingresada ao persoal beneficiario antes de iniciar a viaxe e o 20% restante será pagado á volta da mobilidade.

## **2. Requisitos**

A persoa solicitante de CIFP Imaxe e son terá que estar impartindo docencia ou formará parte do equipo directivo durante o tempo no que se realice a mobilidade.

## **3. Actividades e finalidade da mobilidade.**

As persoas beneficiarias da axuda de mobilidade seguirán o programa de actividades acordado entre CIFP Imaxe e son, elas mesmas, e a persoa coordinadora do Centro educativo de acollida.

As actividades máis comúns son:

- Actividades en centros educativos de formación superior.
- Visitas a empresas do sector.
- Asistencia a actividades culturais vinculadas á formación impartida en CIFP Imaxe e son.

Con esta actividade o CIFP Imaxe e son pretende:

- Iniciar relacións con empresas do sector coa finalidade de enviar ao noso alumnado a facer a FCT.
- Iniciar contactos con persoal docente doutros centros para promover futuros proxectos formativos.

#### 4. Calendario

- 25 abril ▶ Publicación convocatoria.
- 30 abril ▶ Fin prazo de entrega de solicitudes de mobilidades ás 12.00h.  
▶ Publicación Provisional listaxe de persoal beneficiario. 15:00h.
- 7 maio ▶ Publicación listaxe definitivo.
  
- 8 maio – 9 xuño ▶ Datas dispoñibles para a execución da mobilidade.

Logo da publicación da resolución definitiva a persoa beneficiaria terá 15 días naturais para presentar a Coordinación internacional a aceptación do programa de mobilidade por parte do Centro de formación de acollida que permita firmar o “Acordo de aprendizaxe”.

O docente beneficiario deberá pedir permiso á Dirección do CIFP Imaxe e son con alomenos quince días naturais antes de iniciar a mobilidade.

#### 5. Axudas para necesidades especiais

O programa Erasmus+ ten por obxectivo promover a equidade e a inclusión tanto do alumnado como do profesorado. Existen vías de financiamento especial para persoas con discapacidade física ou intelectual. A información sobre este tipo de financiamento pode consultarse co coordinador de programas internacionais do CIFP Imaxe e son. Máis información sobre estas axudas no enlace: [Erasmus+: un programa inclusivo.](#)

#### 6. Trámites a seguir antes, durante e ao finalizar a mobilidade.

##### I. ANTES DE COMEZAR A ESTANCIA.

Unha vez publicada a resolución definitiva da convocatoria, o profesorado beneficiario deberá cumprir os seguintes trámites:

- ▶ Asinar o Convenio de subvención entre a persoa adxudicataria e o CIFP Imaxe e son.

- ▶ Asinar o Acordo de aprendizaxe (Learning agreement) entre a Institución de envío, de acollida e a persoa beneficiaria.
  
- ▶ Seguir os trámites necesarios para asegurarse da cobertura sanitaria no país de destino (Tarxeta sanitaria europea e/ou Seguro sanitario).
  
- ▶ Contratar un seguro coas características solicitadas por ERASMUS+ de responsabilidade civil durante o tempo que dure a mobilidade.
  
- ▶ Presentar o certificado de titularidade de conta bancaria na que o adxudicatario recibirá o ingreso da bolsa.
  
- ▶ Xestionar a súa viaxe e o aloxamento.

## **II. DURANTE A ESTANCIA**

Durante a estancia, o persoal adxudicatario deberá:

- ▶ Incorporarse ao centro de destino na datas prevista e presentarse ao coordinador de programas internacionais.
  
- ▶ Permanecer no destino durante a totalidade da estancia indicada no convenio de subvención e levar a cabo o plan de mobilidade acordado.
  
- ▶ Informar das incidencias na maior brevidade posible.
  
- ▶ Informar do acollemento e enviar material gráfico a coordinación internacional para publicar nas redes do CIFP Imaxe e son.

## **AO REGRESAR**

Nun prazo máximo de quince días desde o regreso a persoa beneficiaria deberá:

- ▶ Enquisa\_Realizar a enquisa online EU Survey solicitada por ERASMUS+
  
- ▶ Certificado de asistencia\_ Entregar a coordinación internacional o certificado de asistencia á mobilidade que deberá estar asinado e selado pola Institución ou organismo educativo de acollida. O documento debe facer referencia ás datas da mobilidade e ao programa de actividades realizado. É obrigatorio que a data da certificación sexa igual ou posterior á data de finalización da estancia. Non se admitirán certificados con data anterior á finalización do período de mobilidade.
  
- ▶ Recoñecemento da actividade de formación\_ Cada participante solicitará á Xunta de Galicia o recoñecemento de horas de formación segundo o procedemento descrito no acordo de mobilidade e presentará o xustificante da solicitude a coordinación internacional.
  
- ▶ Memoria\_ Cada participante deberá realizar unha memoria da súa experiencia. O documento será enviado a coordinación internacional. Estas memorias publicaranse na web do CIFP Imaxe e son e na Aula virtual de coordinación internacional, e quedarán arquivadas para posteriores actividades: charlas, presentacións, información sobre os centros de destino, etc.
  
- ▶ Compartir resultados\_ Cada persoa beneficiaria presentará a súa experiencia ao profesorado nunha xornada de difusión de proxectos de mobilidade.

Logo da entrega da documentación anterior procederase ao pagamento a cada persoa beneficiaria do 20% restante da beca de mobilidade.

## **7. Solicitude do profesorado.**

As persoas solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Impreso de solicitude (Anexo I).
- Certificación de formación en idiomas (no caso de non ter os certificados de formación actualizados nos Datos profesionais da Xunta de Galicia).

Coa firma da solicitude a persoa solicitante autoriza:

- Que o Secretario de CIFP Imaxe e son informe á Comisión de valoración dos seguintes datos reflectidos na Plataforma de datos profesionais da Xunta de Galicia. :

- > Antigüidade no centro.
- > Cargos e/ou outras responsabilidades en CIFP Imaxe e son na actualidade.
- > Idiomas acreditados na

- Que CIFP Imaxe e son publique no taboleiro de anuncios e na web a Resolución provisional e definitiva con nome, apelidos, valoracións e destino das persoas admitidas e excluídas e tamén das beneficiarias e en reserva.

A desconformidade con este apartado poderá ser manifestada mediante escrito que será achegado no momento da presentación da solicitude.

## **8. Lugar e datas de entrega da documentación**

A documentación solicitada, en formato papel, debe dirixirse á Comisión avaliadora de mobilidades de proxecto propio.

Lugar: Secretaría de CIFP Imaxe e son.

Datas de entrega: A partires do día da publicación da convocatoria e até o 30 de abril en horario de 9:00h. a 12:00h.

## 9. Criterios de selección do profesorado solicitante.

A convocatoria será resolta pola Comisión de valoración. A Comisión estará formada por: director do centro ou persoa en quen delegue, coordinador de programas internacionais, dous membros do equipo directivo, un profesor ou profesora.

Os criterios de selección son:

### I. Antigüidade no centro (máximo 2 puntos).

- Con data de destino definitivo anterior ao curso 2017-2018: 2 puntos.
- Con data de destino definitivo comprendida entre o curso 2017-2018 e a actualidade: 1 punto.
- Con destino provisional: 0 puntos.

### II. Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo, en caso de que sexa diferente a do país de acollida (máximo 5 puntos).

A valoración das competencias lingüísticas farase tendo en conta:

a) Certificacións de competencias lingüísticas aportadas. A puntuación da persoa candidata será a resultante da suma da puntuación de idioma de destino e de inglés.

<b>Idioma de destino</b>	AI - A2	B1- B2	C1 - C2
Ptos	1	1,5	2,5
<b>Inglés</b>	AI - A2	B1- B2	C1 - C2
Ptos	1	1,5	2,5

### III. Competencias persoais e actitudes (máximo 3 puntos).



A valoración farase tendo en conta a opinión do equipo directivo. Os criterios de baremación do profesorado e cargos en activo durante do curso 23-24, son:

- 3 ptos Profesor/a - titor/a de FCT.
- 2 ptos A persoa solicitante forma parte do Equipo directivo, Responsable do Departamento de relación con empresas, Responsables de programas internacionais.
- 1 pto A persoa solicitante non foi beneficiaria dunha mobilidade ERASMUS+ nos cursos 22-23 e 23-24.
- 1 pto A persoa solicitante participa no Seminario de internacionalización 23-24 do CIFP Imaxe e son.
- 1 pto A persoa solicitante fixo unha anterior mobilidade que posibilitou a mobilidade dalgún alumno ou alumna. ou ben xestionou algún Acordo inster institucional entre CIFP Imaxe e son e o centro de formación de acollida.

#### **IV. No caso de empate nos méritos**

Terase en conta, por orde:

1. Titor/a de FCT.
2. Persoa fixo unha anterior mobilidade con resultados positivos.
3. Por sorteo.

#### **10. Adxudicación das axudas de mobilidade.**

Será publicada unha resolución provisional e posteriormente definitiva. No caso de ser necesario Coordinación internacional convocará unha reunión entre as persoas solicitantes e/ou beneficiarias para propiciar acordos na adxudicación de axudas ou destinos.

#### **11. Renuncias.**

A renuncia a unha axuda de mobilidade xa adxudicada presentarase por escrito ao coordinador Erasmus+ da Escola no prazo de 5 días dende a resolución definitiva da convocatoria.

**Finalmente,**

O proxecto **2023-1-ES01-KA131-HED-000138258** está cofinanciado pola Unión Europea. A información desta convocatoria só compromete a CIFP Imaxe e son e non reflexa necesariamente o parecer da Unión Europea nin os do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE). Nin a Unión Europea nin a Agencia Nacional SEPIE poden ser considerados responsables do contido desta publicación.

O contido desta convocatoria toma como referente a Guía Erasmus+ 2023.

Segundo a Guía Erasmus:

*“A educación, a formación, a xuventude e o deporte son ámbitos clave que contribúen ao desenvolvemento persoal e profesional da cidadanía. En última instancia, unha educación e formación de gran calidade e inclusiva, así como o aprendizaxe informal e non formal, equipan aos novos estudantes e participantes de tódalas idades coas cualificacións e capacidades necesarias para unha participación significativa nunha sociedade democrática, o entendemento intercultural e para xestionar con éxito as transicións ao mercado laboral.”*

A Coruña, 24 de abril de 2024  
Coordinación de programas internacionais  
CIFP IMAXE E SON



**Cofinanciado por  
la Unión Europea**



XUNTA  
DE GALICIA


CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Erasmus+

Enriqueciendo vidas, abriendo mentes.

sepie

SERVICIO ESPAÑOL PARA LA  
INTERNACIONALIZACIÓN DE LA EDUCACIÓN



ANEXO I - SOLICITUDE  
CONVOCATORIA ERASMUS+

Proxecto: 2023-1-ES01-KA131-HED-000138258

DATOS PERSOAIS

Nome e Apelidos				DNI	
Corpo					
Male	<input type="checkbox"/>	Female	<input type="checkbox"/>	e-mail	

ANTIGÜIDADE E DESTINO

Antigüidade *		Destino	
---------------	--	---------	--

\* Anos de servizo como docente na Consellería de educación.

IDIOMAS

	Idioma 1:	Idioma 2:	Idioma 3:
Idioma			
Nivel (de A1 a C2)			

PAÍS DE DESTINO

1º	
----	--

DOCUMENTACIÓN ADXUNTA

1. Acreditación idiomas en caso de non ter actualizada a información na Plataforma de datos profesionais da Xunta de Galicia.

2. Outra documentación que considere.

## **PLAN DE TRABAJO [STT]**

### **OBXECTIVOS XERAIS DA MOBILIDADE**

### **ACTIVIDADES A DESENVOLVER**

### **RESULTADOS ESPERADOS. VALORES ENGADIDOS.**

Sinatura:

A Coruña, de abril de 2024

.